





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



AG/mv



En resposta a escrito dese Parlamento, achégolle copia do informe de impacto de xénero –emitido pola Secretaría Xeral de Igualdade- relativo á **Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia** (doc. Núm. 339).

Deste xeito dáse cumprimento ao preceptuado no artigo 7 do Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017.

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Presidente do Parlamento de Galicia



## **INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO Á PROPOSICIÓ DE LEI DE INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR DE CORRESPONSABILIDADE PARENTAL E DE RELACIÓNS FAMILIARES NO CESE DA CONVIVENCIA (doc. Núm 339)**

A Secretaría Xeral da Igualdade, de conformidade co establecido no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015 do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (en diante Decreto legislativo 2/2015) emite o seguinte informe de impacto de xénero.


### **PERTINENCIA DO INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO**

Segundo o disposto no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, "*Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Se non se acompañasen ou se tratase dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso*".


Do citado precepto despréndese a obrigatoriedade de valorar con carácter previo ao debate parlamentario calquera iniciativa legislativa para determinar se a súa posta en práctica afectará de forma diferente a mulleres e homes, co fin de adaptalas para neutralizar os posibles efectos discriminatorios e fomentar a igualdade, integrando deste xeito o principio de transversalidade.

O contido desta proposición de lei emite propostas de regulación relativa ás relacións familiares nos casos de ruptura da convivencia dos proxenitores con fillos a cargo, aínda tendo en conta a existencia de implicacións relevantes dende o punto de vista de xénero, non se considera procedente realizar recomendacións ao respecto.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2017



Secretaría Xeral da Igualdade



Susana López Abella